

Política de Calidade, Medio Ambiente e Seguridade Laboral

Adegas Terra de Asorei SL é unha empresa familiar que naceu da unión de seis adegas da comarca do Salnés, con longa tradición e experiencia adegueira e vinícola. **Adegas Terra de Asorei SL** ten instaurado un sistema de xestión de calidade e medioambiental, apostando pola calidade e a internacionalización dos nosos viños para maximizar os beneficios e satisfacción dos clientes.

VISIÓN

- ❖ Ofrecer uns albariños con personalidade, auténticos e seguindo a tradición do Val do Salnés nas Rías Baixas. Buscando a mellor Calidade e a prezos razoables.
- ❖ Ofrecer unha experiencia enoturística no rural galego do século XXI, na “Eira de Asorei”. Queremos que se nos descubra e quen nos visite, cate os nosos albariños para que leve no teu corazón o amor por Galicia e pola súa cultura.

MISIÓN

- ❖ Acadar uns excelentes albariños do Val do Salnés - Rías Baixas, para a satisfacción dos nosos clientes e socios
- ❖ Responder o compromiso social ante a sociedade e crear traballo e riqueza en Galicia
- ❖ Acadar unha maior eficacia e produtividade e a satisfacción de todas as persoas que compoñen o equipo profesional.
- ❖ Cumprir todos os requisitos legais aplicables, en calidade, na prevención da contaminación medioambiental e na seguridade laboral e alimentaria.
- ❖ Facer a empresa sostible, sempre respectando o equilibrio natural da nosa terra galega como forma de participar no coidado medioambiental do planeta.
- ❖ Satisfacer tanto a consumidores como a aliados comerciais provedores, en definitiva de todas partes interesadas
- ❖ Acadar resultados económicos que aseguren o futuro da empresa

ESTRATEGIA

Actuar localmente pensar universalmente. Levar os nosos albariños de calidade do Val do Salnés – Rías Baixas, dende Galicia o mundo.

OS NOSOS VALORES

1. Exercer o Liderazgo e a RSE:

- ❖ Liderar creando implicación e equipo e predicando co exemplo
- ❖ Integrar a Responsabilidade Social Corporativa nas iniciativas ligadas á estratexia e o negocio da empresa.

2. Manter en todo momento o enfoque ó Cliente:

- ❖ Manter canles de comunicación cos clientes e partes interesadas para identificar e satisfacer as súas necesidades e expectativas.

3. Facilitar o desenvolvemento das persoas:

- ❖ Adecuar e mellorar as habilidades e competencias das persoas cos seus postos dentro do equipo profesional
- ❖ Fomentar a comunicación interna dentro do equipo profesional e a implicación das persoas na xestión e a toma de decisións.
- ❖ Asegurar a igualdade de oportunidades e a non discriminación no desenvolvemento profesional nin na retribución por razóns inherentes ao xénero, maternidade/paternidade, atención de dependentes, razas, crenzas, etc.
- ❖ Fomentar o apoio especial a traballadores especialmente vulnerables (colectivos desfavorecidos, situacións persoais...)

4. Xestionar adecuadamente os Recursos:

- ❖ Optimizar os recursos e tempos, planificando as nosas actividades evitando na medida do posible os imprevistos.
- ❖ Utilizar de forma racional os recursos naturais e materias primas, desenvolvemento de tecnoloxías limpas, reciclaxe de residuos. Sempre respectando o equilibrio natural da nosa terra.
- ❖ Evitar a contaminación ambiental tanto en situacións normais, anormais como accidentais, utilizando na medida do posible enerxías máis limpas e materiais menos contaminantes
- ❖ Eliminar os riscos para a seguridade e saúde das persoas na súa orixe e reducir e controlar os que non poden ser evitados

5. Manter unha cultura de transparencia e Mellora Continua da Xestión:

- ❖ Definir claramente os nosos obxectivos e asegurar que se comunican a todos os implicados no seu logro
- ❖ Manter unha actitude crítica, buscar sempre causas e non culpables, aprendendo dos acertos e erros tanto propios como alleos
- ❖ Buscar a eficacia do sistema de calidade baseándose na xestión por procesos, co fin de obter os resultados previstos dacordo coa dirección estratéxica da organización, e sempre baseándose no ciclo PFVA (Planificar-Facer-Verificar-Actuar)
- ❖ Utilizar a metodoloxía da avaliación de riscos para prever as posibles desviacións ou non conformidades dos produtos, servizos e xestión de calidade.

San Martiño de Meis, 23 de setembro de 2020



Xosé Ramón Durán - Roque. Presidente- Conselleiro delegado